

\* \* \*

## **SOUTOMAIOR**

### **A N U N C I O**

De conformidade có disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación do presente Regulamento, unha vez aprobado definitivamente polo Concello.

#### **REGULAMENTO PARA A UTILIZACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS**

##### **ARTIGO 1. OBXECTO**

O obxecto deste regulamento é a ordenación da utilización das instalacións dos campos de fútbol municipais de SALGUEIRÓN e CANDÁN, ubicados nas parroquias de Arcade e Soutomaior, respectivamente, no Concello de Soutomaior

##### **ARTIGO 2. DESTINO**

Os campos de fútbol municipais de Salgueirón e Candán destinaranse á práctica do fútbol, sen prexuízo de utilizalos ocasionalmente, para a realización doutras manifestacións deportivas ou doutra índole, que sexan considerados de interese xeral para a cidadanía e non supoñan prexuízo irreparable para o estado do campo de xogo.

##### **ARTIGO 3. PRIORIDADE NO USO DA INSTALACIÓN**

A prioridade de uso será a seguinte:

1º.—O CD Arcade respecto o campo de fútbol municipal de Salgueirón e o CD Soutomaior respecto o campo de fútbol de Candán, tanto para os seus adestramentos como para a organización de partidos de competición oficial ou de carácter amigable.

2º.—Os clubs ou asociacións deportivas, ubicadas no Concello de Soutomaior, que soliciten o uso da instalación de maneira regular.

3º.—Os clubs ou asociacións deportivas ubicadas no Concello de Soutomaior que soliciten o uso de maneira puntual.

4º.—Os clubs ou asociacións deportivas ubicadas fora do Concello de Soutomaior que soliciten o uso de maneira unicamente puntual.

No caso de circunstancias extraordinarias que o xustifiquen, o Concello de Soutomaior poderá variar a relación de prioridades referida.

*ARTIGO 4. XESTIÓN DO USO EN CASO DE COINCIDENCIAS DE EVENTOS*

O CD Arcade e o CD Soutomaioir comprométense a comunicar ó Concello o horario no que utilizarán regularmente o campo para os adestramentos, partidos oficiais, etc., a fin de que o Concello poida adxudicar o uso dos campos fora dos horarios fixados.

O Concello comprométese a comunicar cunha antelación mínima de 10 días ó CD Arcade e o CD Soutomaioir os eventos de carácter xeral para os que se teña previsto a utilización do campo, para unha planificación axeitada para ambas partes.

As actividades organizadas polo Concello teñen prioridade sobre as dos Clubs, procurando que estas non prexudiquen de maneira ostensible as programadas polas entidades deportivas.

*ARTIGO 5. COMPETENCIAS DA COMISIÓN DE DEPORTES*

Serán competencias da Comisión de Deportes:

- a) Interpretar o articulado deste regulamento en caso de discrepancias.
- b) Definir que eventos son de interese xeral para autorizar a utilización do Campo de Fútbol.
- c) A decisión sobre solicitudes que poidan xurdir coas distintas asociacións e entidades deportivas que mostren interese no uso regular ou puntual das instalacións, a excepción do CD Arcade e o CD Soutomaioir, posto que con este queda institucionalizado o seu dereito de uso preferente.
- d) A aprobación de directrices para a correcta utilización dos campos.
- e) A resolución final en caso de desacordo entre o Concello e os CCDD.

*ARTIGO 6. COMPETENCIAS DA CONCELLERÍA DE DEPORTES*

- a) A execución do previsto no presente regulamento, así como dos acordos adoptados pola Comisión de Deportes.
- b) A elaboración dos informes que lle solicite a Comisión mencionada, a Alcaldía ou o Pleno da Corporación.
- c) A resolución final, por delegación da Alcaldía, sobre os pedimentos de autorización de uso da instalación.
- d) A busca de instalacións deportivas alternativas en caso de necesidade.
- e) Autorizar a distribución horaria para a utilización dos campos de fútbol.
- f) O peche das instalacións en casos de alertas meteorolóxicas recomendadas polos organismos competentes.

*ARTIGO 7. DEREITOS DE USO PUBLICO*

Todas as persoas integradas en clubs ou asociacións deportivas teñen dereito ó acceso e uso do campo de fútbol de Salgueirón e de Candán en condicións de igualdade, sen perxuízo da orde de prioridades establecida no presente regulamento.

O CD Arcade e o CD Soutomaioir non poderán ceder o uso do campo municipal a calquera outro club, asociación, etc sen permiso expreso do Concello de Soutomaioir.

*ARTIGO 8. MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS*

Os CD Arcade e o CD Soutomaioir serán os encargados do mantemento das respectivas instalacións, coas seguintes obrigas:

- a) Custodiar a instalación, as súas dependencias e demais elementos integrados nas mesmas.
- b) Abrir e pechar a instalación, aí como manter a orde durante a celebración dos eventos realizados.
- c) Realizar labores de mantemento, limpeza, conservacións e vixilancia das instalacións, así como reparar pequenos danos ou avarías que se rexistren.

- d) Manter actualizado o inventario de mobles, materiais e equipamentos da instalación.
- e) Facer respectar o horario e normas de utilización da instalación de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Comisión de Deportes e as instrucións transmitidas pola Concellería de Deportes.
- f) Resolver as incidencias que se produzan na preparación ou desenvolvemento das actividades dos campos de fútbol municipais.
- g) Facer cumprir as ordes e instrucións que lles dea a Concellería de Deportes, no ámbito das súas funcións.
- h) Comunicarlle á concellería as incidencias que se rexistren, os danos que se produzan ou as infraccións que se cometan na instalación, na maior brevidade posible.
- I) O CD Arcade e o CD Soutomaior prestarán a súa colaboración en aqueles actos ou eventos que organice o Concello de Soutomaior nos campos municipais.

#### *ARTIGO 9. OBRIGAS DO CONCELLO*

O Concello de Soutomaior ten a obriga de realizar o adecuado mantemento do céspede do Campo de Salgueirón e de Candán, garantindo a súa conservación en óptimas condicións para o seu uso.

O Concello de Soutomaior encargarse de costear a enerxía eléctrica e suministros de auga.

O Concello subministrará o gasoil necesario para o funcionamento das calderas de auga quente ata unha cantidade máxima anual de 1200 € c/u, e así como da realización daquelas reparacións que sexan necesarias para a boa conservación das instalacións e terreo de xogo.

#### *ARTIGO 10. OBRIGAS E RESPONSABILIDADES DOS USUARIOS*

- a) Os demais usuarios dos campos teñen a obriga inescusable de colaborar co CD Arcade e co CD Soutomaior no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións, e deben respectar as normas sobre o uso axeitado do equipamento e da moblaxe da instalación.
- b) As avarías, danos ou perdas que se orixinen no material ou nas instalacións como consecuencia dunha utilización impropia ou negligente darán lugar a responsabilidades por parte dos/as seus autores/as, ou do/a responsable ou titor/a, que lles serán esixidas polo Concello de conformidade co que dispón o ordenamento xurídico. Todo isto sen prexuízo da sanción administrativa que proceda.

#### *ARTIGO 11. DEREITOS SOBRE PUBLICIDADE ESTÁTICA E SOBRE EXPLOTACIÓN DA CANTINA*

O Concello de Soutomaior cede a favor do CD Arcade e o CD Soutomaior: a explotación dos dereitos por colocación de publicidade estática e de son, nas instalacións do Campo de Salgueirón e de Candán, así como a xestión do local destinado a cantina.

O Concello terá dereito a reserva dos espazos necesarios para a publicidade institucional ou que se comprometa para patrocinios, no seu caso.

#### *ARTIGO 12. TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES*

- a) O C.D. Arcade e o C.D. Soutomaior presentarán, o inicio de cada temporada, o calendario de xogo e adestramentos de tódolos seus equipos.
- b) Os restantes clubs ou asociacións deportivas do Concello de Soutomaior poderán solicitar o uso dos campos o inicio da temporada cubrindo o impreso de solicitude e acompañado do calendario de xogo, estimando a petición segundo o seu interese social e dispoñibilidade de horarios.
- c) Na solicitude constarán o nome ou razón social do club ou asociación deportiva, nome e apelidos do representante/s, enderezo postal, e telefono de contacto, e ingreso sas taxas correspondentes aprobadas polo Concello..
- d) Así mesmo, terán preferencia de uso todos aqueles programas de promoción deportiva dependentes da Consellería de deportes.
- e) En períodos nos que as competicións de carácter oficial estean rematadas o Concello poderán destinar un maior número de horas a actividade que considere de interese xeral para a cidadanía.

*ARTIGO 13. RESPONSABILIDADES*

Os clubes, entidades ou asociacións deportivas ós que pertencen os autores dos danos ou perdas causados na instalación son solidariamente responsables con eles.

*ARTIGO 14. INEXISTENCIA DE DEREITOS ADQUIRIDOS*

O uso da instalación durante unha ou mais tempadas non comporta ningún dereito adquirido para os usuarios, excepto para o CD Arcade e para o CD Soutomaior, que manterán o dereito de uso preferente establecido no presente regulamento.

As obras que realicen o CD Arcade e o CD Soutomaior (coa autorización do Concello) reverterán ao propietario das instalacións.

*ARTIGO 15. PERSOAL AUXILIAR*

Os clubs ou asociacións deportivas, durante o uso que lles corresponde da instalación, se responsabilizarán da mesma con persoal propio e baixo a supervisión dun membro do CD Arcade e do CD Soutomaior.

Este regulamento entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Soutomaior, a 13 de decembro de 2010.—O Alcalde, Agustín Reguera Ocampo.

2011001009